Ortofoto 1/25000 PNOA ©IGN Ano: 2011

● Ponto de vista da panorámica central

Cartografía 1/50000 ©IGN Ano: 2003

Texto de **Vicente Míguez Salgueiro**. Escritor e Mestre no CEIP de Celeiro e Viveiro

Ría de Viveiro
Celeiro

Celeiro é o porto natural da ría de Viveiro, cuxa boca se abre entre Puntas Socastro e Faro. O topónimo Celeiro (do latín CELARE, 'gardar') remítenos etimoloxicamente a un lugar que servía de almacén de gran, un hórreo.

O fondo da ría, cun calado máximo de 24 m e con sedimentos cuaternarios, constitúe unha unidade de esteiro na que o carácter morfolóxico máis evidente é a ampla extensión de marismas e chairas intermareais, acumulando grandes depósitos areentos.

A oirexa da ría é de tipo tectónico: o afundimento do bloque central permitiu o asolagamento da rede fluvial antiga e o seu forte encaixamento entre aliñacións montañosas laterais.

A orientación nor-nordés da ría canaliza os ventos arrefriando o morno clima oceánico cunha temperatura media que oscila entre os 12 e 13ºC. Os ventos dominantes son oestes-suroestes en verán, e nordés en inverno.

A dársena é un espello da malversación dun ecosistema que era unha fortuna en fauna mariña e recursos económicos. De 1973 a 1993 transformouse o hábitat ribeirán con rechecs e infraestruturas portuarias, convertendo as marismas en asfalto. Os fondos da baía ficaron expoliados de flora e fauna, por mor dos deterxentes e incesantes avarías no emisario da depuradora de augas residuais.

En Celeiro predominan, por riba da construción urbanística, os solos de cultivo, prado e monte, cunha exuberancia de eucaliptal. A vila é unha poboación costeira con fondo arraigo da pesca e da salgadura, uns sectores que constitúen o sinal de identidade de Celeiro.

O porto é hoxe pioneiro en todo o litoral español e un referente na pesca. A actividade mariñeira abrangue as principais artes (baixura, arrastre, palangre, volanta, grande altura, marisqueo), mariña mercante e conserva, sendo a pescada do pincho o producto estrela da lonxa.

As fábricas de salgadura do s. XIX e as 18 conserveiras do s. XX fomentaron o proceso de industrialización, desenvolvido entre 1920 e 1940. Máis dun millero de mulleres desempeñaron un rol esencial, pois eran elas quen descargaban o peixe e o transportaban ás factorías; eran pescantinas, a redeiras, mariscadoras, obreiras da salga e conserva.

A infausta data 12 de xullo de 1961 marcaría Celeiro a causa dunha galerna na que afundiron tres lanchas cun tráxico ronsel de 30 mortos. O Crédito Social Pesqueiro e a entrada en 1986 na CEE modernizaron a frota poñendo o porto rumbo ao futuro.

Do s. XVI datan os pleitos Viveiro-Celeiro na poxa polo liderado económico da ría: Viveiro vén sendo a cidade administrativa e comercial, e Celeiro, a vila mariñeira.

Viveiro

A **Ría de Viveiro** pertence ás Rías Altas de Galicia. Ten un trazado simple e estreito. As rochas das súas ribeiras están consideradas das máis antigas da Península Ibérica e o seu fondo é areento e sen cantís.

Viveiro, Covas e **Celeiro** son tres núcleos de poboación no fondo da ría que medraron ata unirense. Están protexidos das inclemencias do mar e dos ventos mareiros por uns pequenos montes que son os últimos relevos das Serras Setentrionais cara ao norte.

Vista da Ría de Viveiro desde o Miradoiro de San Roque

A suavidade do curso do **río Landro** permite unha intensa explotación agraria do fondo do val. Trátase da única zona de Galicia cunha casaría dispersa vinculada ás explotacións agrogandeiras, con eidos cerrados, sen aldeas, ao contrario ca no resto do territorio.

As **tres pontes** sobre a desembocadura do río facilitan as comunicacións entre ambas marxes da ría. Dúas están destinadas a vehículos e transeúntes e outra á liña de ferrocarril de vía estreita que comunica Ferrol con Gijón, desde onde é posible continuar ata San Sebastián.

Viveiro é a principal vila da comarca da Mariña Occidental. Aséntase nun emprazamento idóneo para a poboación; unha pequena chaira costeira ao abrigo dos Montes Chamoso e San Roque. Desde o s. XII nace cunha vocación reitora e comercial. Hoxe é un centro de servizos, de lecer e residencial.

Covas

Covas é un núcleo de poboación constituído por complexos residenciais na súa maioría turísticos, que destaca pola súa praia, moi transformada pola construción dun dique. Covas uniuse a Viveiro cun paseo que modificou a contorna.
A presión urbanística sobre áreas moi fráxiles e sensibles do litoral como as praias transformou moitas das fachadas marítimas das costas galegas.

Vista desde a Atalaia do Porto de Celeiro nos anos 1950

Os **montes da Mariña** están cubertos na súa totalidade por eucaliptos. Estas plantacións de vexetación alóctona constitúen a maior superficie forestal continua de eucaliptos de Galicia e da Península Ibérica.

Vista desde a Atalaia do Porto de Celeiro no ano 2015

Celeiro é unha parroquia unida á vila tras o crecemento urbanístico do s. XX. A construción do seu dique cambiou o ritmo das mareas e a fisonomía da Praia de Covas e da ría.

Eucaliptal de Chavín no souto da Retorta

O **eucaliptal de Chavín** é o máis antigo de Galicia. Plantouse no ano 1880 para protexer das enchentes unha canle do río Landro. A pesar de ser vexetación alóctona, é Monumento Natural desde 1999.

Viveiro 1929. Panorámica extraída da película "Un viaje por Galicia", de Luis R. Alonso



A mesma vista en 2016

Porto de Celeiro

O porto de Celeiro está considerado unha das empresas máis dinámicas do sector pesqueiro europeo con proxectos en I+D+I na procura da sustentabilidade, a rendibilidade económica e a busca de enerxías alternativas. Conta cunha das frotas máis modernas e competitivas do mundo con arrastreiros, palangreiros, conxeladores e barcos de día. O produto estrela do porto de Celeiro é a "Pescada do Pincho Gran Sol".

Conserveira de Celeiro

Foron industrais locais os que instalaron factorías de **salgadura** primeiro e logo **conserveiras** ás que lles seguiron as fábricas de envases. O papel da muller foi e é fundamental no seu desenvolvemento.

10.000 Anos **CUATERNARIA** HOLOCENO

4.600 Millóns de Anos **ARCAICA** (PRECÁMBRICA) **552** Millóns de Anos 500 M.A. **PRIMARIA** (PALEOZOICO) 420 M.A. 400 M.A. 350 M.A. 270 M.A. **245** M.A. **SECUNDARIA** (MESOZOICO) 140 M.A. **65** M.A. **TERCIARIA** (CENOZOICO) **1,6** M.A.

CÁMBRICO | ORDOVÍCICO | SILÚRICO | DEVÓNICO | CARBONÍFERO | PÉRMICO | TRIÁSICO | XURÁSICO | CRETÁCICO

-Papá, cóntalle á Picara como pescabades ó mazacote e ó tolliñar no tempo do mansío - suxiriu Ché, un episodio que tantas veces de neno tiñalle escoitado. (...)
-É pois ... íbamos ó mansío e ó tolliñar, traballando á sardiña, había que ir perseguindo as toliñas porque os delfíns sonche moi finos: van xuntando o banco de peixe para comer, e nosoutros atrás deles, claro, para pescar aproveitando a trollera. A toliña cando pega co peixe, co mosquión ...
-Co que? - interrompeu interesada Carmela.
-O mosquión, a mancha de peixe, muller- explicábase Papá Tono.
-O relanzón, nena, quisquilla desa ... camarón bravo, calviveiro -precisou Ché á filla -Aparecen no mar como unha mancha roxa, e serve de comedoria a anchoa e o verdel. ... cando dan con el, a toliña vai detrás e faille saltar á sardiña, ó bocarte, corrioló ... Ái seique tiñan regatas de botes para chegar antes a lancha á trollera e pescar primeiros. De ái naceu o deporte do remo. Dunha necesidade pasou ás olimpiadas.
-A trolle que, dixeches?
-A trollera, unha bandada de peixe cando se xunta para comer.
(...)A seu pai tiñalle escoitado cantidade de vivencias da pesca. Dende o primeiro embarque en Foz cos Quintanero ás costeras do bocarte e bonito, ata os vinte e oito anos entre Celeiro e Burela. Dos inicios como muchacho e da dureza dun ofício que faría de Ché un home amargado, a auga, pós peixinlos de colores. Carmela unha tarde de praia quixo animar a seu pai cando sala do baño, ves, papá? e dicías que non ché gustaba o mar. Ché corrixiuna en seco, nena, esto non é o mar, é a oriña.

A LÚA DEITADA EN PORTO NORTE
Vicente Míguez Salgueiro. Gráficas Neira Broch. 2011. ISBN: 987-94-615-2480-8

COSTAS GALLEGAS (Óleo sobre lenzo (120x200)
Francisco Llorens Díaz (A Coruña 1874 - Madrid 1948)

XOGOS DE LUZ CON CHUVASCOS NAS RÍAS ALTAS
Óleo sobre lenzo (70x100). Amando Suárez Couto (Ribadeo 1894 - 1981)



OS MORTOS VAN A PRÉSA
Dirección: **Angel de la Cruz**
Produción: Artemática, Semprecinema, Perro Verde, Voz Audiovisual, Rops Coruña e Cinematógrafo Films.
Ano: 2009

Irene, unha camioneira que acode a buscar marisco á vila mariñeira de Fariño do Mar, queda atascada co seu camión nunha ponte, impedindo o paso ao cemiterio o día que van enterrar o patrón maior da Confraría de mariscadores. O suceso impide celebrar as honras fúnebres, polo que o cadaleito regresa á casa onde será velado ata que o problema se solucione.
A xente dividese entre os que apoian a Irene, como Venancia, a fareira e antiga noiva de Filomeno, fillo do morto, que apostan por desmontar unha estatua, ou os que apoian a Filomeno que avoga por despezar o camión.
As vellas leas e diferenzas entre uns e outros acentuaranse, pero nada como o conflito que xorde cando as mulleres que están a velar o cadaleito, ancoradas en ancestrais crenzas e tradicións, pensan que a alma do defunto ainda non abandonou o seu corpo, xa que ten unha conta pendente. A meiga acompañarán, que invoquen a Santa Compaña.
As Rías Altas, en concreto o lugar de Rinto no concello de Ribadeo é o lugar elixido por Ángel de la Cruz para rodar este filme no que amosa espectaculares paisaxes da Praia das Catedrais, o Faro de Illa Pancha, a vella cetárea, a igrexa, a confraría e o cemiterio de Rinto. O director explícou: "A aldea está moi bonita e na película imos reflectila tal como é".

A Casanova
Celeiro
A Pedreira
Lamiddi
As Aceas
A Cova
Soutullo
Covas
Viveiro
As Nogueiras